

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 24, 13-35

Naquel día, o primeiro da semana, dous dos discípulos de Xesús ían camiño de Emaús, unha aldea que está a uns dez quilómetros de Xerusalén. Ían falando de canto pasara. E resulta que mentres parolaban e discutían, Xesús en persoa, achegouse e camiñaba canda eles. Pero os seus ollos estaban incapacitados para o recoñecer. Entón preguntoulles:

– «¿De que ides falando polo camiño?»

Eles pararon cun rostro moi tristeiro, e Cleofás, un deles, respondeulle:

– «¿Seica es ti o único forasteiro en Xerusalén, que non sabe nada do que pasou alí durante estes días?»

El preguntou:

– «¿De que, logo?»

Eles contestaron:

– «Do asunto de Xesús o Nazareno, que foi un profeta poderoso en obras e palabras, ante Deus e ante o pobo todo; de como os nosos sumos sacerdotes e demais xefes o condenaron á morte e o crucificaron.

Nós esperabamos que el fose quen liberase a Israel; pero xa van alá tres días desde que pasaron estas cousas. Claro que algunhas mulleres das nosas déronnos un susto, porque foron ó riscar o día ó sepulcro, e, ó non atoparen o corpo, volveron falando dunha visión de anxos, que lles aseguraron que el vive.

E algúns dos nosos alá foron ó sepulcro, atopando todo como as mulleres dixeran; pero a el non o viron.»

Entón díxolles:

– «¡Que parvos e lentos sodes para crer todo o que anunciaron os

profetas! E logo ¿non cumpría que o Cristo padecese todo isto, antes de entrar na súa gloria?»

E comezando por Moisés e todos os profetas, foilles interpretando o que as Escrituras falaban del.

Ó entraren na aldea onde ían, fixo coma quen quería seguir para adiante. Pero eles porfiáronlle, dicindo:

– «Quédate connosco, porque se fai tarde, e a noite bótase enriba.»

Quedou con eles. E mentres estaban na mesa, colleu o pan, bendiciuno e partiuno e déullelo. Entón abríronselles os ollos e recoñecérono; pero el desapareceu. E dixeron:

– «¿Non ardía o noso corazón, cando nos falaba polo camiño, interpretándonos as Escrituras?»

E levantándose axiña, volveron a Xerusalén. Alí atoparon os Once reunidos cos seus acompañantes, que dicían:

– «É certo, o Señor resucitou e aparecéuselle a Simón.»

Eles tamén contaron o que lles pasara polo camiño, e como o recoñeceran no partir o pan.